



EURURAL

MANUAL DO PROMOTOR/A

Asociación de Desenvolvemento
Galicia Suroeste I GDR 14

Medida LEADER Galicia 2014 - 2020

Edita: Asociación de Desenvolvemento
Galicia Suroeste Eurural (GDR 14)

Depósito legal: VG 642-2017

Este documento publícase a título puramente informativo. Non se pode excluír que exista algunha incorrección ou errata, nin que a totalidade dos seus contidos poidan manterse actualizados ao longo de todo o período de vixencia da Medida Leader 2014-2020.







Índice

Asociación de Desenvolvemento GALICIA SUROESTE EURURAL	6
Estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP)	9
Os Obxectivos Estratéxicos	9
Os Obxectivos transversais	10
Liñas de actuación	11
Medida 19 LEADER	18
Cal é o ámbito de actuación e o territorio elixible?	20
Quen pode beneficiarse?	20
Requisitos das persoas ou entidades beneficiarias	20
Obrigas das persoas e entidades beneficiarias	22
Que proxectos poden ser subvencionables	23
Como calcular a puntuación dun proxecto?	31
Como se calcula o porcentaxe de axuda?	41
Que son as limitacións sectoriais e como se aplican?	44
Cales son os requisitos que deben cumprir os proxectos para ser subvencionables?	46
Que gastos son subvencionables?	46
Cando se inicia a subvencionalidade do gasto?	49
Cal é o réxime de compatibilidade e acumulación de axudas?	49
Como e ata cando se poden solicitar as axudas?	49
Como presentar a solicitude de axudas	51
Cal é a documentación necesaria para a tramitación da solicitude de axuda?	52
Cal é o procedemento para a instrución das solicitudes?	56
Que sucede se unha solicitude non se tramita correctamente?	56
Que é a moderación de custos?	56
Como se realiza a desistencia, renuncia ou o arquivamento dun expediente de solicitude de axuda?	57
Pódense introducir modificacións nos proxectos?	60
Cales son as obrigas dos beneficiarios das axudas?	60
Relación de anexos empregados en fase de solicitude de axuda	62

A **Asociación de Desenvolvemento GALICIA SUROESTE EURURAL** está recoñecida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) como Grupo de Desenvolvemento Rural e entidade colaboradora para a xestión no noso territorio da Medida Leader Galicia no período 2014-2020.

O obxectivo da **Medida Leader** é dinamizar e acadar un desenvolvemento endóxeo e sostible do rural a nivel económico, social e medioambiental a través da posta en marcha dunha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa (EDLP) elaborada entre os axentes públicos e privados do territorio.

A medida contempla varias submedidas dentro das cales está a **19.2: Apoio á realización de operacións conforme á Estratexia de Desenvolvemento Local**, que consiste na concesión de axudas por concorrencia competitiva a proxectos, tanto de carácter produtivo como non produtivo, que axuden a acadar os obxectivos establecidos na citada estratexia.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 (PDR) aprobado mediante Decisión da Comisión Europea o 18 de novembro de 2015 contempla a Medida 19 (Leader), destinada á tramitación de subvencións ao medio rural a través das EDLP elaboradas polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).

Para poñer en práctica a medida, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería de Medio Rural, aprobou o 10 de febreiro de 2016 as bases reguladoras para a selección de EDLP e para a selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión do Leader en Galicia.

Na resolución desta convocatoria, se estableceron 24 GDR en Galicia, dentro dos cales o noso grupo pasa de denominarse GDR 18 no período 2007-2013 a **GDR 14** no actual período 2014-2020. Con este fin asinouuse o correspondente convenio de colaboración con Agader, como entidade colaboradora para poñer en práctica a EDLP no noso territorio a través da Medida Leader.



The background of the page is a vibrant green color. Overlaid on this background is a dense, repeating pattern of white line art. The pattern consists of numerous thin, branching stems, each adorned with several elongated, pointed leaves. The leaves are detailed with fine lines representing veins. The overall effect is a lush, botanical texture.

01. EDLP



ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP)

Entre marzo e xullo de 2016, a nosa asociación traballou conxuntamente cos axentes públicos e privados do territorio para elaborar unha candidatura, ser seleccionados como GDR e poder xestionar as axudas ao desenvolvemento rural a través da Medida Leader no noso territorio. Parte importante deste traballo foi a elaboración da nosa propia Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa, que foi presentada ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o día 1 de xullo de 2016.

Os Obxectivos Estratéxicos son:

- 1-** Mellorar a nosa competitividade territorial no contexto nacional a través de accións de promoción, creación de imaxe de marca e sensibilización á poboación na preservación e protección da nosa identidade rural.
- 2-** Conservar, recuperar, protexer, poñer en valor e promover o noso patrimonio cultural.
- 3-** Traballar contra a desaparición e a degradación dos espazos naturais e da paisaxe. Valorizar, promover, protexer e conservar os nosos ecosistemas e a biodiversidade.
- 4-** Mellorar a formación e a cualificación profesional dos recursos humanos do territorio, fomentar o emprendemento, a xeración e consolidación do emprego sostenible e de calidade e facilitar a inclusión social dos colectivos con especiais dificultades de inserción social e laboral.

5- Mellorar a calidade de vida e os servizos á poboación, loitando contra o abandono rural e o desequilibrio territorial, potenciando a igualdade e a accesibilidade.

6- Fortalecer e diversificar o tecido empresarial apoiando ás pequenas empresas e fomentando novas iniciativas. Mellorar a competitividade, a calidade e a innovación empresarial na procura de incrementar o valor engadido no territorio a través do peche de ciclos produtivos e a promoción exterior.

7- Promover e consolidar o sector primario polo seu potencial e valor estratéxico, implementando accións destinadas á transformación e comercialización, á xeración de emprego verde, á creación de novos produtos do rural e apostando polo comercio local e de proximidade e pola promoción de cara ao mercado exterior.

8- Apoiar e impulsar o sector turístico buscando unha alternativa á estacionalidade. Axudar na especialización e adaptación do sector cara outro modelo de turismo baseado nos recursos endóxenos, na calidade e na accesibilidade.


9- Mellorar os servizos de novas tecnoloxías e o uso das redes sociais por parte da poboación rural, facilitando tamén o acceso ás TIC's do tecido empresarial.

10- Promover accións de mellora da gobernanza multinivel. Fomentar a participación cidadán no desenvolvemento e aproveitar a existencia da AD GALICIA SUROESTE EURURAL como captadora de fondos e programas que axuden a desenvolver sostiblemente o noso territorio, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios do rural.

Os **obxectivos Transversais** que están presentes en todas as actuacións previstas son:

- **Inclusión social e loita contra a pobreza.**
- **Mitigación e adaptación ao cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.**
- **Contribución á innovación no rural.**





A estratexia establece **5 liñas de actuación** dentro das cales nos atopamos con temáticas de intervención e tipoloxías de proxectos concretos.

Liñas de actuación:

1: Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe

1.1: Ordenación e posta en valor do patrimonio rural

Tipoloxía de Proxectos:

- Protección e posta en valor do patrimonio natural.
- Actuacións en espazos dentro da Rede Natura 2000.
- Protección e posta en valor do patrimonio cultural.
- Recuperación de áreas degradadas.
- Erradicación de especies invasoras.
- Construción de miradoiros.
- Itinerarios naturais e culturais.
- Rutas de sendeirismo homologadas.
- Creación de espazos recreativos.
- Recuperación de áreas degradadas baixo as liñas eléctricas.
- Accesibilidade aos recursos patrimoniais e a súa interpretación.
- Fomento do uso social, recreativo e educativo do patrimonio.
- Creación de centros de referencia forestais, con aulas de interpretación do medio natural, o monte, o patrimonio, os valores etnográficos, etc.
- Granxas escolas que combinen turismo con actividades no medio rural.

1.2: Promoción das enerxías renovables e dos usos eficientes

Tipoloxía de Proxectos:

- Implantación de enerxías renovables nas empresas e nas entidades sociais.
- Implantación de plans de mellora da eficiencia enerxética nas empresas e nas entidades sociais.
- Aproveitamento de biomasa forestal residual.

1.3: Accións de valorización da paisaxe tradicional

Tipoloxía de Proxectos:

- Accións piloto de recuperación e melloras silvícolas e pastorís nos montes como ferramenta medio ambiental.
- Accións de restauración forestal de alto valor natural e paisaxístico e da conservación da biodiversidade.
- Creación de espazos de interese paisaxístico.
- Mellora paisaxística de espazos degradados.

2: Creación e mellora dos servizos á poboación e inclusión social

2.1: Creación e modernización de infraestruturas que contribúan á mellora do benestar da poboación

Tipoloxía de Proxectos:

- Centros asistenciais para colectivos con necesidades específicas (garderías, centros de día, residencias, centros para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais...).
- Creación, rehabilitación e modernización de centros ou espazos culturais, locais sociais, etc.

2.2: Creación de servizos complementarios que melloren a calidade de vida

Tipoloxía de Proxectos:

- Servizos vinculados á saúde, o lecer, o deporte, a cultura...
- Apoio á cooperación medio ambiental como ferramenta para a reinserción social.
- Transporte adaptado para as persoas con discapacidade.

3: Mellora da competitividade, diversificación produtiva e innovación

3.1: Promoción do sector agrogandeiro

Tipoloxía de Proxectos:

- Creación de explotacións agrogandeiras como actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar.
- Emprego de enerxías renovables e mellora de eficiencia enerxética nas explotacións e accións de innovación nas explotacións do sector agrario.
- Transformación e comercialización de produtos agrarios.
- Mellora de sectores estratéxicos como o viveirismo, a vitivinicultura e a kiwicultura.
- Creación de plataformas físicas e/ou dixitais para a comercialización de produtos do medio rural.

3.2: Promoción do sector forestal

Tipoloxía de Proxectos:

- Creación de explotacións forestais como actividade complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar.
- Diversificación da actividade produtiva dos montes e innovación para a creación de novos produtos.
- Transformación e comercialización de produtos forestais.

3.3: Posta en valor dos produtos locais e de proximidade

Tipoloxía de Proxectos:

- Proxectos de promoción e comercialización conxunta.
- Creación de establecementos de venda especializada en produtos de proximidade.

3.4: Creación, modernización e ampliación de pequenas empresas

Tipoloxía de Proxectos:

- Creación de empresas de diversos ámbitos non agrarios.
- Modernización e ampliación de empresas existentes.
- Comercio polo miúdo.
- Melloras tecnolóxicas, e-commerce, social media...

3.5: Apoio a iniciativas empresariais de carácter asociativo

Tipoloxía de Proxectos:

- Creación de servizos para as empresas.
- Creación, ampliación e modernización de infraestruturas para as empresas.
- Apoio ao cooperativismo en iniciativas empresariais en montes de particulares.
- Apoio a proxectos empresariais recoñecidos pola Administración como singulares.
- Creación de centros que posibiliten a vertebración do tecido produtivo, estimulen a participación así como a cooperación entre as empresas.

3.6: Fomento das actividades turísticas

Tipoloxía de Proxectos:

- Creación de establecementos hoteleiros.
- Creación de establecementos de restauración en edificacións emblemáticas e/ou tradicionais.
- Modernización de establecementos turísticos existentes.
- Creación de actividades complementarias ao turismo existente.
- Actividades recreativas e de animación turística.





- Actividades de aventura, natureza, deportivas, etc.
- Actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural...
- Actividades de divulgación dos oficios tradicionais.

4: Mellora da cualificación dos recursos humanos do territorio

4.1: Formación para o emprego: mellorar os nosos recursos humanos

Tipoloxía de Proxectos:

- Formación/asesoramento a emprendedores.
- Formación/asesoramento en economía social.
- Formación e acceso ás novas tecnoloxías e redes sociais.
- Accións facilitadoras para acceder ás competencias clave e aos certificados de profesionalidade para as persoas con risco de exclusión social (Cooperación).
- Formación orientada á xeración de novos empregos verdes (agroecoloxía, sector forestal, restauración paisaxística, enerxías renovables, eficiencia enerxética, educación ambiental).
- Formación vinculada coas necesidades da poboación (asistencia persoal e sociosanitaria, conciliación, igualdade, cultura, patrimonio, ocio, gastronomía...).
- Formación necesaria para cubrir novos nichos de mercado.

4.2: Formación sectorial: mellorar as nosas empresas

Tipoloxía de Proxectos:

- Formación/asesoramento en xestión empresarial.
- Formación/asesoramento en marketing e comercio exterior.
- Formación en novas tecnoloxías, social media e responsabilidade social empresarial.
- Networking: lograr a colaboración interempresarial para aproveitar as sinerxías entre os actores económicos do territorio e fomentar a creación de redes de traballo.

- Formación especializada no sector agrogandeiro, agroalimentario e forestal.
- Formación especializada no turismo (calidade, accesibilidade, comercialización...).
- Formación especializada nos servizos á poboación.
- Formación especializada no ámbito profesional de especial incidencia, cara a mellorar a competitividade das empresas como deseño industrial, fabricación industrial...
- Formación de estudos de identificación de residuos industriais e proposta de activación para a xestión conxunta dos residuos.
- Formación en accesibilidade para os técnicos/técnicas municipais.

5: Dinamización do territorio fomentando a participación da poboación no desenvolvemento rural (19.4.B: Animación)

Tipoloxía de Proxectos:

- Difusión da Medida Leader no territorio.
- Encontros, xornadas, seminarios, congresos, eventos culturais, deportivos, gastronómicos, encontros ou cartaces de arte...
- Estudos, informes, publicacións, plans estratéxicos para sectores clave como o primario...
- Mapas, guías, páxina web...
- Viaxes e presenza en feiras ou eventos.
- Sinalización turística, rutas...
- Dixitalización dos lindes e dos recursos múltiples dos montes.
- Accións de sensibilización medioambientais con especial atención ao cambio climático, a perda da biodiversidade e a recuperación paisaxística; para a dignificación do traballo agrario entre a poboación...
- Campañas de participación para difundir o sector agrario entre a mocidade.
- Creación de imaxe de marca territorial e sensibilización á poboación.
- Creación dunha identificación directa sobre o produto local e de proximidade mediante un selo ou marca Km 0.





02.

Medida 19

LEADER



MEDIDA 19 LEADER

No marco da **Medida Leader en Galicia 2014-2020** pónense en marcha **4 submedidas**:

· **Submedida 19.1:**

Apoio á preparación de Estratexias de Desenvolvemento Local.

· **Submedida 19.2:**

Apoio para a realización de operacións conforme á Estratexia de Desenvolvemento Local.

· **Submedida 19.3:**

Cooperación.

· **Submedida 19.4:**

Custos correntes da Estratexia de Desenvolvemento Local e animación.

De entre todas estas, é a “**Submedida 19.2: Apoio á realización de operacións conforme á Estratexia de Desenvolvemento Local**” á que poderán acollerse as persoas e entidades promotoras que queren solicitar unha axuda a través da Medida Leader ao desenvolvemento rural. **Esta submedida é xestionada a través da nosa entidade, recoñecida por Agader como GDR 14.**

Cal é o ámbito de actuación e o territorio elixible?

O ámbito de actuación do GDR 14 está formado por 13 concellos: A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Redondela, Tomiño e Tui. Deste ámbito quedan excluídos, ao non ser territorios elixibles, os cascos urbanos dos concellos de A Guarda, O Porriño e Redondela.

Quen pode beneficiarse?

Poderán beneficiarse das axudas da Submedida 19.2:

- Persoas físicas ou xurídicas de carácter privado.
- Entidades públicas de carácter local ou comarcal (entidades locais menores, concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores).
- Comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

As persoas ou entidades beneficiarias haberán de cumprir os seguintes requisitos:

- 1-** Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2-** Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.
- 3-** Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:
 - a. Empregar menos de 50 persoas.
 - b. Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.
 - c. Cumprir os demais requisitos que, en función da tipoloxía de proxectos, se especifican nas fichas de elixibilidade do capítulo VII das Bases Regulatoras.


4- Cando o beneficiario sexa unha persoa xurídica, os membros asociados do beneficiario que se comprometan a efectuar, en nome e por conta deste, a totalidade ou parte das actividades que fundamenten a concesión da subvención, terán igualmente a consideración de beneficiarios da subvención, polo que tamén deberán cumprir e acreditar os requisitos esixidos para cada tipo de beneficiario.

5- Non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia.

Non se concederán axudas a empresas en crise, de acordo coa definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre as axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (2014/C 249/01). Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas presentarán coa solicitude de axuda unha declaración de non atoparse en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

Tampouco poderán ser beneficiarias de axudas as empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión previa da Comisión Europea que as declare ilegais e incompatibles co mercado común.

Non poderán ser beneficiarias das axudas previstas nas Bases Reguladoras as empresas que operen no sector da pesca, da acuicultura e/ou da transformación e comercialización de produtos pesqueiros.



Cales son as obrigas das persoas e entidades beneficiarias?

Son obrigas as previstas con carácter xeral no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e as que se establezan especificamente na resolución de concesión.

- 1- Respetar o destino do investimento, e manter os empregos consolidados, polo menos, durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.
- 2- Naqueles proxectos que requiran a creación de emprego, un terzo dos postos de traballo deberán estar cubertos no momento da solicitude do pagamento final do expediente, admitíndose, respecto dos restantes, os que se creen no prazo máximo de 6 meses contados desde a data do pagamento final. Cada un dos postos creados deberá manterse durante o período de 5 anos a contar dende a súa ocupación.
- 3- Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, polo menos, durante o período de permanencia dos investimentos.
- 4- Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas por Agader, polo GDR, así como a calquera outras actuacións



de control que poidan realizar os órganos competentes da Administración autonómica, estatal ou comunitaria, achegando canta información lle sexa requirida para os efectos.

- 5- Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención, no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
- 6- Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado. Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/ao beneficiaria/o en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos neste réxime de axudas, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.



7- Adoptar as medidas de difusión e publicidade, nos termos que a continuación se especifican, e someterse ao Plan de Difusión do PDR, que estará a dispor dos interesados na páxina web de Agader.

Os bens subvencionados quedarán afectados á operación subvencionada un mínimo de cinco anos dende a resolución do pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados, caso en que se aplicarán estes.

No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida. Estes aspectos de inscrición serán obxecto do correspondente rexistro público.

No caso dos proxectos técnicos, estudos, planos e outros de natureza similar, garantirase o acceso de calquera interesado ao seu contido durante un período mínimo de 5 anos contados desde a data da resolución do pagamento final do proxecto.

Que proxectos poden ser subvencionables?

Para que un proxecto sexa subvencionable deberá ter encadramento dentro dalgunha Liña de actuación da Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR 14 e, a maiores, deberá ser admisible de acordo con algunha das Fichas de Elixibilidade que figuran no capítulo VII das Bases Reguladoras que a continuación se enumeran:

Ficha de Elixibilidade I: Investimentos no sector da produción agraria primaria

Non serán subvencionables a través desta liña de axudas como norma xeral **os proxectos encadrables no sector da produción agraria primaria** (inclúese produción agrícola, gandeira e forestal) **con excepción de:**

- Investimentos en explotacións agrarias que se refiran á mellora da súa **eficiencia enerxética e/ou ao emprego de fontes de enerxía renovables**. A explotación deberá estar en funcionamento, ter declarada a facturación real pola venda dos seus produtos e posuír un CEA ou rexistro oficial cunha antigüidade de polo menos 1 ano anterior á data de solicitude de axuda. A mellora da eficiencia enerxética deberá acreditarse mediante a presentación dun plan empresarial xunto cun informe emitido por un técnico competente na materia ou cunha auditoría enerxética. A redución dos custes derivados da mellora da eficiencia enerxética da explotación deberá acadar unha porcentaxe mínima do 40%.
- Pequenos proxectos de ata 30.000€ de investimento total elixible que supoñan o inicio ou a implantación dunha actividade agrícola, gandeira ou agroforestal sempre e cando esta constitúa unha **actividade complementaria á actividade principal non agraria** do promotor do proxecto. O promotor estará obrigado a dar de alta a explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia e obter o correspondente CEA con carácter previo á xustificación final do proxecto.
 - A intensidade mínima de axuda será do 20% e a máxima do 50%.
 - As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade **non estarán amparadas** no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás **axudas de minimis**.
 - **Non será subvencionable** a adquisición de maquinaria automotriz para os proxectos de mellora de eficiencia enerxética e/ou emprego de enerxías renovables.
 - **A moderación de custos** se realizará mediante a comparación das ofertas presentadas e a aplicación dos módulos máximos que a Consellería de Medio Rural teña fixado para cada concepto de gasto.

Ficha de Elixibilidade II: Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Serán subvencionables con carácter xeral os investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización de empresas destinadas á transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, considerando como tales os enumerados no **Anexo I do Tratado** constitutivo da Comunidade Europea, **excepto os produtos da pesca**.

Están tamén incluídos os proxectos con investimentos relativos a procesos de transformación nos cales interveñan produtos non incluídos no Anexo I do Tratado e estes sexan un compoñente menor do produto final (cando a cantidade total deste produto non supere o 15% do peso do produto final).

- So serán subvencionables pequenos proxectos de ata 30.000€ de investimento total elixible.
- Os investimentos deben cumprir a normativa aplicable en materia de sanidade e benestar animal de ser o caso. Polo tanto non se concederán axudas a proxectos relativos a instalacións existentes que non acrediten dispor de rexistro sanitario ou que non cumpran a normativa de benestar animal ou relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.
- Non se pagarán axudas a beneficiarios que non acrediten tras a execución do proxecto dispor do rexistro sanitario actualizado ou vixente, cumprir a normativa de benestar animal ou relativa á elaboración de produtos para alimentación animal.
- A intensidade mínima de axuda será do 20% e a máxima do 50%.
- As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade estarán amparadas:
 - No Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro nos supostos en que o produto final estea incluído na súa totalidade no Anexo I do Tratado.
 - No Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis nos supostos en que o produto final non estea incluído na súa totalidade no anexo I do Tratado.


Ficha de Elixibilidade III: Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais

So serán subvencionables os investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendentes á produción a pequena escala de **quebrado de madeira ou para pellets**.

Inclúense os investimentos relacionados coa transformación, utilización e/ou comercialización da **madeira** como materia prima que sexan **anteriores á primeira transformación industrial**. Poderán incluír a corta, descascadura, torado, almacenamento, tratamento de protección e secado e outras operacións de traballo. A transformación e comercialización da madeira que sexa posterior á primeira transformación industrial da mesma poderá ser subvencionable a través da Ficha de Elixibilidade V.

Os proxectos promovidos por comunidades ou mancomunidades de montes veciñais en man común ou por agrupacións de propietarios serán subvencionables no caso de que inclúan unha **extensión superior ás 15 hectáreas**.

- A intensidade mínima de axuda será do 20% e a máxima do 40%. O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000€.
- As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.



Ficha de Elixibilidade IV: Investimentos que supoñan a diversificación das explotacións agrarias cara actividades non agrarias

Poderán ser subvencionables aqueles proxectos que procuren a mellora da calidade de vida e a diversificación da economía nas zonas rurais. Poderán implicar o inicio ou a mellora dunha actividade produtiva complementaria da actividade agraria que se desenvolve nas explotacións, tales como:

- A elaboración e venda de produtos artesanais.
 - O agroturismo: acondicionamento e mellora de instalacións de explotacións agrarias para ofrecer servizos como actividades recreativas, animación turística, espectáculos, actividades de aventura ou natureza, actividades deportivas, actividades de valorización e divulgación do patrimonio cultural, balnearios e centros de talasoterapia.
 - Os servizos educativos, culturais, recreativos, ambientais asociados á valorización de patrimonio natural e/ou cultural ou a ecosistemas agrarios e/ou forestais do territorio.
 - A prestación de servizos á poboación.
-
- A intensidade mínima de axuda será do 20% e a máxima do 50%. O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000€.
 - As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
 - Os investimentos que impliquen a creación de prazas de aloxamento en actividades de agroturismo, estarán supeditados ao convenio de colaboración asinado entre Agader e a Axencia Turismo de Galicia.
 - Os beneficiarios destas axudas serán exclusivamente os membros dunha unidade familiar, ata o segundo grao de relación, ligados a unha explotación agraria.



Ficha de Elixibilidade V: Investimentos que supoñan a creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias

Poderán ser subvencionables os proxectos que, respondendo ao obxectivo xeral de mellora da calidade de vida en zonas rurais e a diversificación da economía rural, supoñan a creación, ampliación e modernización de pequenas empresas, en sectores da economía distintos ao da produción agraria primaria.

No caso de empresas que xa tivesen actividade comercial con carácter previo á solicitude de axuda, entenderase por creación a posta en marcha dunha actividade distinta á que se viña desenvolvendo con carácter previo á solicitude de axuda (xustificado mediante alta en diferente CNAE).

Entenderase por modernización a diversificación da produción dun establecemento en novos produtos adicionais ou un cambio fundamental na natureza da produción ou na tecnoloxía correspondente.

- A intensidade mínima de axuda será do 20% e a máxima do 50%. O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000€.
- As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.
- Os investimentos que se limiten a substituír un edificio ou una máquina existente, ou parte deles mesmos, por un edificio ou máquina nova, unicamente serán subvencionables no caso de que a substitución supoña ampliar a capacidade de produción en máis dun 25 % con respecto á que viña desenvolvendo anteriormente.

Ficha de Elixibilidade VI: Investimentos en proxectos non produtivos

Poderán subvencionarse os proxectos que, estando promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais ou comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, teñan un interese público ou colectivo, é dicir, que afecten, interesen ou beneficien dalgún xeito ao conxunto da poboación ou da sociedade en xeral, e que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

Poderán ser subvencionados proxectos relacionados co mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e de zonas de alto valor natural, sempre que os departamentos competentes da Xunta de Galicia acrediten o interese da proposta.

Tamén serán subvencionables, entre outros, os proxectos de interese público ou colectivo referidos á creación, mellora ou ampliación de todo tipo de servizos para a poboación rural, como as actividades recreativas e culturais, xunto coas correspondentes infraestruturas a pequena escala.

No suposto de que o proxecto comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como no caso de proxectos de outros promotores, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio neto non chegue a superar o valor de capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.

A cualificación dun proxecto xerador de ingresos como non produtivo promovido por unha entidade sen ánimo de lucro esixe a presentación, por parte do promotor, dun plan de xestión referido aos 5 anos seguintes á data de resolución do pagamento final do expediente. Se unha vez confeccionado o plan de xestión, resulta produtivo para un ano calquera dos cinco que ten que abranguer, considerarase produtivo todo o proxecto.

Para a tramitación de proxectos non produtivos xeradores de ingresos existen instrucións específicas de Agader que detallan e especifican determinados aspectos da mesma.

- As intensidades mínimas e máximas de axuda oscilan entre o 35% e o 90 % respectivamente, dependendo do grao de prioridade que se outorgue ao proxecto.

	PRIORIDADE BAIXA	PRIORIDADE MEDIA	PRIORIDADE ALTA
Axuda mínima	35 %	40 %	60 %
Axuda máxima	50 %	70 %	90 %

- O importe da axuda estará limitado a un máximo de 200.000€.
- Os proxectos que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis, poderán acadar os 250.000€ no caso de que Agader o autorice expresamente.
- As axudas concedidas dentro desta ficha de elixibilidade estarán amparadas no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no suposto de que supoñan o desenvolvemento dunha actividade económica e poidan afectar a xuízo de Agader, a libre competencia.

O grao de prioridade dos proxectos non produtivos axustarase ao seguinte:

Prioridade Alta:

- Fomento da inclusión social mediante servizos de igualdade e benestar á poboación.
- Integración de comunidades marxinais e de inmigrantes.
- Coidado das persoas maiores e promoción dun envellecemento activo e saudable das mesmas.
- Mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC) así como o seu uso no medio rural (por exemplo a través de telecentros, aulas de informática ou plataformas dixitais de servizos á poboación xeral).

Prioridade Media:

- Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas de natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, recuperación de construcións de interese arquitectónico, social ou cultural (incluídos os centros sociais e culturais).
- Infraestruturas deportivas ou de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de ocio).
- Actuacións nos montes veciñais (que non sexan proxectos de prioridade máxima ou alta).

Prioridade Baixa:

Considéranse de prioridade baixa todos os proxectos non recollidos nos dous puntos anteriores que poidan ser elixibles e teñan a natureza de non produtivos.

Como calcular a puntuación dun proxecto?

Unha vez presentada a solicitude de axuda, o equipo técnico procederá a elaborar o Informe de Control de Elixibilidade (ICE) no que se reflectirá o resultado da avaliación, a puntuación obtida e informará da súa elixibilidade.

Aplicase un baremo, diferenciando entre proxectos produtivos e proxectos non produtivos, no que se valoran diferentes aspectos dos mesmos. Será necesario acadar como mínimo 25 puntos na avaliación e tendo en conta que entre proxectos existe concorrencia competitiva, a maior puntuación, maior posibilidade de obter subvención.



BAREMO		
CRITERIOS	PUNTUACIÓN MÁXIMA POR APARTADO	
	PROXECTOS PRODUCTIVOS	PROXECTOS NON PRODUCTIVOS
UBICACIÓN XEOGRÁFICA DO PROXECTO	25 Puntos	25 Puntos
CARACTERÍSTICAS DO PROMOTOR	10 Puntos	5 Puntos
INCIDENCIA NO EMPREGO	30 Puntos	-----
IMPACTO NO TERRITORIO E NA POBOACIÓN RURAL	-----	30 Puntos
IMPACTO MEDIO AMBIENTAL	10 Puntos	10 Puntos
CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO	25 Puntos	30 Puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA	100 Puntos	100 Puntos

BAREMO DE PROXECTOS PRODUCTIVOS:

CRITERIOS DE UBICACIÓN XEOGRÁFICA				
CONCELLO	DENSIDADE POBOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	ÍNDICE AVELLEMENTAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	2
Baiona	1	1	3	
Fornelos de Montes	5	5	5	
Gondomar	3	1	1	
Guarda (A)	2	3	5	
Mos	2	1	1	
Nigrán	1	2	2	
Oia	5	4	3	
Pazos de Borbén	5	4	5	
Porriño (O)	3	1	1	
Redondela	1	2	2	
Rosal (O)	4	3	4	
Tomíño	4	2	3	
Tui	2	2	3	



(máximo 25 puntos)

RENDA DISPONIBLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALI- ZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LOCALI- ZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL
2	4	11
5	5	25
3	3	11
3	3	16
3	2	9
1	3	9
4	5	21
5	5	24
3	1	9
3	4	12
4	4	19
4	4	17
3	4	14

CARACTERÍSTICAS DA PERSOA OU ENTIDADE PROMOTORA (10 puntos)

PERFIL PROMOTOR/A (10 puntos)	Entidade pública, entidade sen animo de lucro, comunidade de montes ou entidade de economía social (cooperativa, sociedade laboral, centro especial emprego, etc.) => 10 puntos
	Autónomo/a (empresario/a individual) e asociacións de empresarios e/ou comerciantes => 5 puntos
	Sociedade Mercantil (S.L. ou S.A.) formada por 3 ou menos persoas => 3 puntos

CRITERIOS DE INCIDENCIA SOBRE O EMPREGO (30 puntos)

CREACIÓN NETA EMPREGO (20 puntos)	5 puntos por cada emprego creado ordinario (máximo 10 puntos)	5 puntos por cada emprego creado a favor de colectivos desfavorecidos (máximo 10 puntos)
	Enténdese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considérase a xornada completa durante todo o ano.	
	Considéranse colectivos desfavorecidos os seguintes: <ul style="list-style-type: none">- Mulleres.- Mozos/as menores de 41 anos.- Persoas discapacitadas cunha minusvalía legalmente declarada (mínimo 33%).- Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado máis de 100 días no último ano, que a efectos de cálculo son os 12 meses previos á data de contratación do novo emprego creado.- Maiores de 55 anos.	
	As puntuacións neste apartado son acumulativas , ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un colectivo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agrégase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario.	



<p>RELACIÓN EMPREGO CREADO INVESTITIVO ELIXIBLE PROXECTO (10 puntos)</p>	<p>A puntuación acadada derívase da seguinte fórmula matemática: $X=Y/(Z/100.000)$, sendo X = Relación Emprego Creado Investimento Elixible, Y = Emprego Creado e Z = Investimento Elixible. De modo que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - se X é menor que 1 a puntuación é 0. - se X é igual ou maior que 1 e menor que 2 a puntuación é 1. - se X é igual ou maior que 2 e menor que 3 a puntuación é 2. - se X é igual ou maior que 3 e menor que 4 a puntuación é 3. - se X é igual ou maior que 4 e menor que 5 a puntuación é 4. - se X é igual ou maior que 5 e menor que 6 a puntuación é 5. - se X é igual ou maior que 6 e menor que 7 a puntuación é 6. - se X é igual ou maior que 7 e menor que 8 a puntuación é 7. - se X é igual ou maior que 8 e menor que 9 a puntuación é 8. - se X é igual ou maior que 9 e menor que 10 a puntuación é 9. - se X é igual ou maior que 10 a puntuación é 10.
	<p>Enténdese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considérase a xornada completa durante todo o ano.</p>

CRITERIOS DE IMPACTO MEDIO AMBIENTAL (10 puntos)
<p>Proxectos que conlevan o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificando e certificado) => 4 puntos</p>
<p>Implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos (requisito mínimo do 5% do investimento elixible e finalmente xustificando e certificado) => 4 puntos</p>
<p>Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en valor de recursos naturais endóxenos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) => 2 puntos</p>
<p>Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) => 2 puntos</p>
<p>Implantación de sistema de xestión ambiental (o proxecto promovido ten que implicar a implantación acreditada por un técnico competente dun sistema de xestión ambiental oficialmente recoñecido (EMAS ou ISO ou tamén outros sistemas análogos) => 2 puntos</p>
<p>Proxectos que capturen CO2 para a loita contra o cambio climático (xustificación mediante certificado técnico independente que acredite dita circunstancia, agás no caso de plantacións forestais que forman parte de proxectos de carácter medio ambiental) => 2 puntos</p>
<p>Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación => 2 puntos</p>
<p>As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (máximo 10 puntos)</p>



CRITERIOS DE CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO (25 puntos)

Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) => **5 puntos**

Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado => **5 puntos**

Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) => **10 puntos**

Proxectos que empregan como “inputs” recursos endóxenos do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar alomenos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificado e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) => **5 puntos**

Proxectos creadores de emprego nos que se fagan novas contratacións de persoal residente no territorio do GDR14 (con respecto ao emprego novo creado hai que contratar alomenos un 50% do mesmo con persoas que acrediten a súa residencia habitual localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14 -mediante certificado municipal de empadramento que acredite polo menos un ano de antigüidade na residencia habitual acreditada-) => **5 puntos**

Proxectos localizados en concellos sen costa marítima (dinamización e valorización do territorio interior do GDR14) => **5 puntos**

Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural (incluída a xeración e consolidación de emprego de persoas en risco de exclusión social como é o caso das persoas con discapacidade que acceden ao mercado laboral a través dos centros especiais de emprego dependentes de asociacións e fundacións) promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural (persoas en risco de exclusión social, maiores de 65 anos e menores de 12 anos) => **15 puntos**

As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (máximo 25 puntos)

BAREMO DE PROXECTOS NON PRODUTIVOS:

CRITERIOS DE UBICACIÓN XEOGRÁFICA (máximo 25 puntos)

CONCELLO	DENSIDADE PO-BOACIÓN 2014 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	ÍNDICE DE AVELLENTAMENTO 2014 CONCELLO LOCALIZA- CIÓN PROXEC- TO (5 puntos)	TAXA OCUPACIÓN 2015 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	RENDA DISPOÑI- BLE BRUTA POR HABITANTE 2009 CONCELLO LOCALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PRODUCTO INTERIOR BRUTO POR HABITANTE 2012 CONCELLO LO- CALIZACIÓN PROXECTO (5 puntos)	PUN- TUA- CIÓN TOTAL
Baiona	1	1	3	2	4	11
Fornelos de Montes	5	5	5	5	5	25
Gondomar	3	1	1	3	3	11
Guarda (A)	2	3	5	3	3	16
Mos	2	1	1	3	2	9
Nigrán	1	2	2	1	3	9
Oia	5	4	3	4	5	21
Pazos de Borbén	5	4	5	5	5	24
Porriño (O)	3	1	1	3	1	9
Redondela	1	2	2	3	4	12
Rosal (O)	4	3	4	4	4	19
Tomíño	4	2	3	4	4	17
Tui	2	2	3	3	4	14

CARACTERÍSTICAS DA ENTIDADE PROMOTORA (5 puntos)

PERFIL DA ENTIDADE PROMOTORA (5 puntos)	Entidade sen ánimo de lucro e agrupación doutro tipo de entidades (mancomunidade de entidades locais, mancomunidade de montes, federación e agrupación de entidades) => 5 puntos	Comunidade de montes ou entidade pública => 3 puntos
--	---	---

CRITERIOS DE IMPACTO NO TERRITORIO E NA POBOACIÓN RURAL (30 puntos)

FAVORECE- MENTO COLECTIVOS DETERMINA- DOS (15 puntos)	Mulleres => 5 puntos	
	Mozos/as (Menores de 41 anos) => 5 puntos	
	Persoas con discapacidade => 5 puntos	
	Colectivos con especiais dificultades de inserción (víctimas de violencia de xénero, inmigrantes, exdrgodependentes ou expresidarios/as) => 5 puntos	
	As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (máximo 15 puntos).	
CREACIÓN NETA EMPREGO (10 puntos)	5 puntos por cada emprego creado ordinario (máximo 5 puntos)	5 puntos por cada emprego creado a favor de colectivos desfavorecidos (máximo 5 puntos)
	Enténdese por emprego creado aquel que está formalizado a xornada completa durante todo o ano. En caso contrario, procede calcular o prorrateo correspondente. No caso dun autónomo, considérase a xornada completa durante todo o ano.	
	<p>Considéranse colectivos desfavorecidos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mulleres. - Mozos/as menores de 41 anos. - Persoas discapacitadas cunha minusvalía legalmente declarada (mínimo 33%). - Persoas desempregadas (rexistradas no Servizo Público de Emprego) de longa duración (12 meses) ou que non teñan cotizado mais de 100 días no último ano, que a efectos de cálculo son os 12 meses previos á data de contratación do novo emprego creado. - Maiores de 55 anos. 	
As puntuacións neste apartado son acumulativas , ou sexa, tratándose dun emprego creado a favor dunha persoa pertencente a un colectivo desfavorecido, a puntuación obtida como tal agrégase á puntuación obtida como creación de emprego ordinario.		

ÁMBITO ACTUACIÓN PROXECTO (5 puntos)	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse nunha parroquia dun so concello => 1 punto (todos aqueles proxectos non produtivos que presenten as comunidades de montes, que sexan de carácter medio ambiental, social ou cultural, terán como beneficiarios do seu ámbito de actuación a todo o concello no que se radiquen e non soamente á parroquia).
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en varias parroquias dun mesmo concello => 2 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en dous concellos => 3 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en tres concellos => 4 puntos
	Os beneficiarios directos do proxecto localízanse en catro concellos ou mais => 5 puntos
	Dito ámbito de actuación ten que ser demostrado e acreditado formalmente polo promotor do proxecto na fase de valoración do expediente de axuda. Para poder demostrar e puntuar neste apartado, os promotores/as deberán facer constar o ámbito de actuación no Plan de Xestión do proxecto, e polo tanto se converterá nun compromiso a cumprir tras a execución do proxecto.

CRITERIOS DE IMPACTO MEDIO AMBIENTAL (10 puntos)

Proxectos que conlevan o emprego de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético (requisito mínimo do 10% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) => 4 puntos
Implementación de sistemas de aforro de auga e/ou sistemas de redución, reciclaxe ou reutilización de residuos (requisito mínimo do 5% do investimento elixible e finalmente xustificado e certificado) => 4 puntos
Mellora da calidade medio ambiental a través da posta en valor de recursos naturais endóxenos e/ou recuperación de paisaxes ou elementos tradicionais degradados da zona (os recursos, paisaxes e/ou elementos teñen que estar catalogados) => 2 puntos
Contribución á prevención de lumes forestais (todas aquelas postas en valor do monte veciñal en man común, sexan de carácter produtivo, social, cultural ou medio ambiental, e independentemente de quen sexa o promotor, acadarán a puntuación correspondente no apartado de contribución á prevención de lumes forestais) => 2 puntos
Implantación de sistema de xestión ambiental (o proxecto promovido ten que implicar a implantación acreditada por un técnico competente dun sistema de xestión ambiental oficialmente recoñecido (EMAS ou ISO ou tamén outros sistemas análogos) => 2 puntos
Proxectos que capturen CO2 para a loita contra o cambio climático (xustificación mediante certificado técnico independente que acredite dita circunstancia agás no caso de plantacións forestais que forman parte de proxectos de carácter medio ambiental) => 2 puntos

Mellora do medio ambiente a través de medidas de sensibilización, educación ou formación => **2 puntos**

As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (máximo 10 puntos)

CRITERIOS DE CAPACIDADE DE ARRASTRE DO PROXECTO (30 puntos)

Servizos básicos para a economía e a poboación rural (garderías, centros de día, residencias, centros e servizos para persoas con risco de exclusión social, bibliotecas, centros culturais, locais sociais, espazos culturais, servizos vinculados á saúde, ao lecer, ao deporte e á cultura) => **10 puntos**

Conservación e/ou mellora de patrimonio rural catalogado => **10 puntos**

Mellora ambiental e do contorno rural (accións encadrables dentro da liña de actuación definida na estratexia do GDR14 que se denomina "Protección do medio ambiente e posta en valor do patrimonio rural e da paisaxe") => **5 puntos**

Dinamización do sector agrogandeiro e forestal (sector primario) => **10 puntos**

Proxectos que empregan como "inputs" recursos endóxenos do territorio do GDR14 (na fase de execución hai que facturar alomenos o 50% do orzamento elixible e finalmente xustificado e certificado do proxecto con empresas que teñan a súa sede social localizada nos trece concellos que forman parte do GDR14) => **5 puntos**

Proxectos localizados en concellos sen costa marítima (dinamización e valorización do territorio interior do GDR14) => **5 puntos**

Servizos que melloren a calidade de vida da poboación rural promocionando e facilitando a autonomía persoal no rural (persoas en risco de exclusión social, maiores de 65 anos e menores de 12 anos) => **15 puntos**

As puntuacións obtidas neste apartado son acumulativas (máximo 30 puntos)



Como se calcula a porcentaxe de axuda?

CÁLCULO DA AXUDA	ACTIVIDADES PRODUTIVAS	ACTIVIDADES NON PRODUTIVAS		
		PROXECTOS PRIORIDADE BAIXA	PROXECTOS PRIORIDADE MEDIA	PROXECTOS PRIORIDADE ALTA
Menos de 25 puntos	NON SUBVENCIONABLE			
25 ou máis puntos e menos de 55 puntos	AXUDA MÍNIMA do 20% + 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 35% + 0,5% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 40% + 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 Puntos	AXUDA MÍNIMA do 60% + 1% por punto (ou parte proporcional) obtido a partir de 25 Puntos
55 ou máis puntos	AXUDA MÁXIMA do 50%	AXUDA MÁXIMA do 50%	AXUDA MÁXIMA do 70%	AXUDA MÁXIMA do 90%







Que son as limitacións sectoriais e como se aplican?

De cara a evitar diverxencias entre actuacións e axudas providas por distintas administracións e para procurar a máxima complementariedade destas, establécense unha serie de **limitacións sectoriais** á hora de aplicar as nosas liñas de actuación no territorio, posto que ditas medidas están contempladas noutras actuacións dos PDR de Galicia e serán apoiadas por outros organismos das diferentes consellerías da Xunta de Galicia.

As limitacións sectoriais establecidas na nosa Estratexia de Desenvolvemento Local e nas Bases Reguladoras dos proxectos subvencionados a través da Medida Leader Galicia 2014-2020 son:

- En investimentos vinculados con establecementos turísticos e actividades do sector da hostalaría rexerá un convenio de colaboración entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia de obrigado cumprimento para os nosos proxectos.
- En investimentos no sector das enerxías renovables, quedan excluídos os destinados á xeración para venda á rede.
- Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan totalmente excluídos.
- En investimentos en actividades económicas do sector servizos (talleres, tinturerías, lavandaría, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada do sector servizos) asociada á xeración dunha actividade económica (proxectos produtivos) so será subvencionable a modernización e ampliación en todo o territorio elixible, mentres que a creación destes servizos so se subvencionará naqueles concellos nos que se demostre que non existe o mesmo servizo a través dun certificado municipal onde conste a inexistencia a efectos do epígrafe do IAE (Imposto de Actividades Económicas). Excepcionalmente, poderase sub-





vencionar a creación dun servizo que aínda que xa exista no concello baixo o mesmo epígrafe de IAE, se demostre a través dun informe municipal emitido por persoal técnico competente a necesidade de ampliar a oferta desta tipoloxía de servizo.

- En investimentos no sector comercio polo miúdo serán subvencionables de forma xeral en todo o territorio do GDR 14, a creación de establecementos destinados á venda e promoción de recursos endóxeos (produtos elaborados no territorio do GDR 14), mentres que o resto do comercio polo miúdo so será subvencionable naqueles espazos onde non se conte coa mesma tipoloxía de comercio (que vendan o mesmo tipo de produtos), tomando como referencia para esta limitación o nivel parroquial e debéndose xustificar a inexistencia deste comercio a través do certificado municipal a efectos do epígrafe do IAE (Imposto de Actividades Económicas). Neste senso, aclaramos que os recursos endóxeos aos que se fai referencia son os seguintes: denominacións de orixe, produtos agroalimentarios e produtos artesanais e culturais do territorio do GDR14. En canto á modernización e ampliación do comercio polo miúdo so se subvencionarán estas actuacións localizadas fora dos cascos urbanos dos concellos, coa excepción daqueles establecementos que se localicen en edificios emblemáticos e/ou tradicionais dos cascos urbanos (pazos, casas grandes, casas indianas, patrimonio industrial e outros edificios patrimoniais catalogados). Quedan excluídos os cascos urbanos de Sanguñeda (Mos), Nigrán, San Pedro da Ramallosa (Nigrán), Baiona, Gondomar, Tomiño e Tui.
- En investimentos en centros e locais sociais e casas culturais, so serán subvencionables a súa creación naquelas parroquias onde aínda non existan ditas instalacións, mentres que a modernización, ampliación e mellora destes centros serán subvencionables en todo o territorio, tendo en conta que a contía máxima non poderá superar os 50.000 € de axuda por proxecto.

Cales son os requisitos que deben cumprir os proxectos para ser subvencionables?

Con carácter xeral, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito territorial elixible de aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR14.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, no caso dos proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente, no caso dos non produtivos.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- Non estar iniciados na data da presentación da solicitude de axuda.
- Ser finalistas, é dicir, que á data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados cumpran os obxectivos e funcións para os que foron aprobados.

Que gastos son subvencionables?

Serán subvencionables:

1. Construción, adquisición e mellora de inmobles que vaian ser utilizados en relación cos obxectivos do proxecto. No caso de adquisición de inmobles, a porcentaxe subvencionable non poderá superar o 50% do total dos gastos subvencionables. Deberán cumprirse os condicionantes seguintes:

- Que se achegue un informe dun taxador independente, acreditado como tal, cualificado ou dun organismo debidamente autorizado, que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado e que o ben se axusta á normativa que resulte de aplicación.
- O ben inmueble non pode ter sido obxecto nos últimos 10 anos de ningunha subvención nacional ou comunitaria.
- Os edificios quedarán afectos ao destino previsto durante un período non inferior a 5 anos ou o tempo que esixa a normativa sectorial.
- Nos proxectos promovidos por entidades públicas locais ou comarcais ou polas súas entidades dependentes, os inmobles non poderán usarse para albergar servizos de mero carácter administrativo.
- Non será subvencionable a compra de inmobles que vaian ser derrubados nin a compra de inmobles a familiares de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, ou a socios da entidade beneficiaria do proxecto.

2. Adquisición de terreos ata o límite do 10% do total dos gastos subvencionables. Deberán cumprirse os condicionantes seguintes:

- Que se achegue un informe dun taxador independente cualificado ou dun organismo debidamente autorizado que confirme que o prezo de compra non supera o valor de mercado.
- Que exista unha relación directa entre a compra e os obxectivos da operación.
- Que non estean edificadas ou estean con construcións que deban derrubarse como medio para o desenvolvemento e execución da operación subvencionable.

3. Adquisición de maquinaria e equipamento novos.

4. Investimentos intanxibles, como a adquisición e o desenvolvemento de programas informáticos, así como a creación de páxinas web, estudos e publicacións.

5. Custos xerais vinculados aos gastos de investimento, tales como honorarios de arquitectos, enxeñeiros e asesores, honorarios relativos ao asesoramento sobre a sustentabilidade económica e ambiental, incluídos os estudos de viabilidade. Os custos xerais descritos nesta epígrafe non poderán superar o 12% do custo total subvencionable das operacións de investimento a que estean vinculados.

6. Gastos notariais e rexistrados derivados do inicio da actividade prevista no proxecto, así como a adquisición de patentes e licenzas, dereitos de autor e marcas rexistradas. A suma destes gastos xunto coa suma dos gastos en custos xerais sinalados na epígrafe anterior, non poderá superar o 20% do conxunto dos gastos subvencionables do proxecto.

7. Medios e equipos de transporte.

Poderán ser subvencionables nos seguintes termos:

- En proxectos de natureza **produtiva** poderán ser subvencionables a adquisición de vehículos afectos en exclusiva a actividades empresariais ou profesionais en proxectos que dean lugar ao inicio dunha actividade económica, e os gastos derivados da adecuación de vehículos de transporte de mercadorías para o desenvolvemento da actividade, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade. En ningún caso se subvencionarán a adquisición ou a adecuación de vehículos no sector do transporte.
- En proxectos de natureza **non produtiva** poderán subvencionarse os gastos de adquisición ou de adecuación de vehículos de transporte que estean asociados á prestación de servizos sociais básicos, como a atención a persoas maiores, a persoas dependentes ou a persoas con mobilidade reducida, sempre que non estean obrigados legalmente a esa adecuación unha vez iniciada a actividade.

Non serán subvencionables:

- 1.** Os investimentos de reparación e mantemento de instalacións, así como a reposición ou simple substitución de equipamento e maquinaria, salvo que a nova adquisición corresponda a equipamentos ou maquinaria diferenciada dos anteriores, ben pola tecnoloxía utilizada ou porque mellore a súa capacidade de produción nunha porcentaxe superior a un 25%, o que deberá xustificarse achegando un informe de técnico competente ou dun organismo debidamente autorizado.
- 2.** O I.V.E. recuperable polo promotor do proxecto, así como os demais impostos indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.
- 3.** Os gastos de funcionamento da operación subvencionada e o material funxible en xeral.
- 4.** Maquinaria, equipamento e materiais de segunda man.
- 5.** Os gastos de execución por medios propios, o traballo voluntario non remunerado ou a man de obra propia, así como os materiais de igual procedencia.
- 6.** Os intereses debedores das contas bancarias.
- 7.** Os investimentos realizados con carácter previo á presentación da solicitude de axuda, coa excepción dos custos xerais vinculados a gastos de investimento.
- 8.** Os investimentos que substitúan a outros que fosen financiados polo fondo FEADER ou por outro fondo comunitario e non transcorresen, polo menos 5 anos, contados desde a data da realización do investimento.
- 9.** Os investimentos de reforma ou rehabilitación de inmobles cuxa construción ou adquisición fose financiada polo fondo FEADER ou por outro fondo comunitario e non transcorresen polo menos 5 anos contados desde a data de realización do investimento.
- 10.** Os xuros, recargas, multas coercitivas e sancións administrativas.
- 11.** Os gastos de procedementos xudiciais.
- 12.** A compra de dereitos de produción agraria, animais e plantas anuais e a súa plantación en investimentos no sector agrario.
- 13.** Os conceptos de “gastos xerais” e de “beneficio industrial”, agás nos proxectos de promoción pública cando estas partidas formen parte do prezo de licitación de acordo coa normativa de contratación administrativa.
- 14.** Os investimentos promovidos polas entidades públicas locais relacionados coa prestación dos servizos enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como os servizos esenciais para os cales o artigo 86 da citada lei declara a reserva a favor das entidades públicas locais e os de prestación mínima previstos no artigo 81/ da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- 15.** Os proxectos de sinalización territorial.
- 16.** Os investimentos non relacionados directamente coas actividades desenvolvidas polo solicitante, así como as obras de simple ornamentación.
- 17.** Os gastos financeiros producidos como consecuencia do investimento.

Cando se inicia a subvencionalidade do gasto?

Consideraranse gastos subvencionables os causados por parte dos promotores que solicitan axudas **a partir da data na que o equipo técnico do GDR 14 realiza a acta de non inicio** (ANI), para a cal ten establecido un prazo máximo de 10 días dende a presentación da solicitude de axuda por parte do promotor.

Cal é o réxime de compatibilidade e acumulación de axudas?

As axudas concedidas no marco da Medida Leader serán incompatibles con calquera outras que, para o mesmo proxecto e finalidade, leven cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros, etc.).

Salvo o caso referido anteriormente, as axudas concedidas no marco da Medida Leader serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos públicos e privados destinados a financiar o mesmo proxecto, sempre que:

- O importe acumulado das axudas non exceda o do custo da actividade subvencionada.
- O importe total das axudas públicas non exceda dos límites máximos previstos na normativa de axudas de Estado.

Como e ata cando se poden solicitar as axudas?

A convocatoria de axudas da Medida Leader 2014-2020 do GDR-14 estará **aberta ininterrumpidamente a efectos de admisión de solicitudes de axuda**, dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria por parte de Agader no DOGA (30 de xaneiro de 2017) e **ata o 31 de marzo de 2020**.

O calendario anual previsto é o seguinte:

- A data final de admisión de solicitudes para a **primeira proposta de selección de proxectos** será o 31 de marzo de cada ano.
- A data final para a primeira proposta anual de selección de proxectos establécese no 30 de xuño de cada ano.
- A data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables por parte dos promotores aos seus provedores e a xustificación dos investimentos será o 15 de outubro de cada ano.



No caso de non se esgotar os fondos existentes para a primeira proposta de selección de proxectos, realizaríase unha segunda proposta de selección de proxectos atendendo ás seguintes datas:

- A data final de admisión de solicitudes sería o 31 de maio de cada ano.
- A data final para esta segunda proposta anual de selección de proxectos estableceríase no 31 de agosto de cada ano.
- A data final de pagamento dos investimentos ou gastos subvencionables por parte dos promotores aos seus provedores e a xustificación dos investimentos sería o 15 de outubro de cada ano.

A data final fixada para a concesión de axudas con cargo a esta Medida Leader 2014-2020 é **o 30 de setembro de 2020**.

A data final de pagamentos da totalidade de axuda certificada aos titulares de proxectos é o 30 de novembro de 2020.

Como presentar a solicitude de axuda?

Para a presentación de solicitudes de axuda e posteriores tramitacións, todas as entidades deberán realizar os procedementos a través da **sede electrónica da Xunta de Galicia**, <https://sede.xunta.gal>. Deberán ter en conta que para esta tramitación será necesario o Certificado Dixital ou a Chave 365.

Están a disposición dos promotores nesta sede electrónica un conxunto de **formularios normalizados** necesarios para a presentación da solicitude. Existen tamén outros formularios e modelos de documentos que os promotores poden descargar a través da **páxina web do GDR 14**, www.eurural.org.

Unicamente as persoas físicas poderán realizar a solicitude e os procedementos tanto a través da sede electrónica como **de forma presencial no rexistro do GDR 14**, sito na sede do grupo, en Mos.

DOCUMENTACIÓN COMÚN EXIXIBLE

- **Anexo II: solicitude.**
- **Anexo III: resumo do proxecto e plan de empresa (proxectos produtivos).**
- **Anexo IV: resumo do proxecto e plan de xestión (proxectos non produtivos).**
- **Anexo V: orzamento** (desagregado por capítulos e partidas).
- **Anexo VI A: relación de ofertas solicitadas e elixidas**, acompañado de facturas proforma e/ou orzamentos comparables entre si de 3 provedores diferentes, co obxectivo de demostrar a moderación de custos para a execución do proxecto.
- **Anexo VI B: declaración sobre as ofertas solicitadas e elixidas.**
- **Proxecto, anteprojecto ou memoria técnica valorada**, asinado por persoal técnico competente na materia, no caso de que a actuación inclúa obra civil.
- **DNI ou NIE da persoa promotora ou representante da entidade solicitante.**

Deberase achegar, a maiores dos modelos normalizados, e en función da tipoloxía de proxecto para o que se solicita subvención, a seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS PRODUTIVOS:

- **Declaración censual (modelo 036 ou 037) ou compromiso de comunicar o inicio de actividade á AEAT**, cando o proxecto supoña o inicio dunha actividade empresarial.
- **Escrituras de constitución da empresa.** Se a empresa participa en máis dun 25% noutras empresas ou está participada en máis dun 25% por outras empresas, deberanse achegar as escrituras de constitución desa outra empresa e os acordos sociais, así como as últimas contas depositadas e aprobadas.
- **Últimas contas** depositadas no rexistro correspondente **e última memoria anual de actividades** aprobada pola entidade.
- **Informe de vida laboral das contas de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos**, correspondente aos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda.
- **Informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa**, correspondente aos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- **No caso de empresas xa existentes, licenza de actividade do concello ou, de ser o caso, acreditación da presentación da comunicación previa establecida no artigo 24 da Lei 9/2013.**
- **Plano Sixpac de localización do espazo no que se realizará o investimento** (se non se trata dunha parcela agraria, deberase achegar o **plano de ubicación do Catastro**).
- **Formación específica do promotor vinculada ao proxecto que se vai desenvolver.**
- **Modelo de compromisos co GDR 14 e xustificacións en base ao baremo (modelo proxectos produtivos).** Xunto con este modelo poderase achegar toda a documentación que o promotor considere oportuna para demostrar o cumprimento dos criterios e obter puntuación nos diferentes apartados.
- **Certificado bancario do número de conta do solicitante.**
- **Informe que demostre a viabilidade técnica do proxecto.**
- **Informe que demostre a viabilidade financeira do proxecto.**
- Poderase achegar calquera outra documentación ou información que o interesado considere oportuna para a análise do seu proxecto.

A maiores, os promotores de proxectos produtivos deberán achegar a seguinte documentación, dependendo especificamente da ficha de elixibilidade:

- No caso de investimentos no sector da produción agraria primaria, **Código de explotación agraria** ou, no seu defecto, **registro oficial que corresponda á explotación agraria.**
- No caso de proxectos de diversificación de explotacións agrarias cara a actividades non agrarias (artigo 48 das Bases Reguladoras), **certificado de empadramento**, no caso de beneficiarios que deneguen expresamente a Agader a autorización para a consulta dos datos de residencia.
- No caso dos beneficiarios referidos no artigo 46 das Bases Reguladoras, **acreditación do grao de parentesco co titular da explotación agraria.**
- No caso de investimentos de transformación e comercialización de produtos forestais, deberanse presentar **documentos probatorios que acrediten que polo menos un 50% da facturación da empresa solicitante de axuda se destina ao uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, tendente á produción a pequena escala de quebrado de madeira e/ou para pellets** (achegaranse contratos, datos de facturación ou calquera medio de proba que o acredite).
- No caso dun proxecto que consista na ampliación e/ou modernización dunha empresa xa existente a través da adquisición de nova maquinaria, deberase achegar unha **declaración de maquinaria existente previa á solicitude de axuda.**



DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS:

- **Declaración censual (modelo 036 ou 037).**
- **Acta fundacional e estatutos da entidade solicitante de axuda.**
- **Últimas contas** depositadas no rexistro correspondente e **última memoria anual de actividades** aprobada pola entidade.
- **Acreditación da capacidade de obrar da persoa representante da entidade.**
- **Acordo do órgano de goberno correspondente para solicitar a axuda.**
- **Plano Sixpac de localización do espazo no que se realizará o investimento** (se non se trata dunha parcela agraria, deberase achegar o plano de **ubicación do Catastro**).
- De ser o caso, **documentación acreditativa de que o IVE é efectivamente soportado polo beneficiario e non recuperable.**
- **Modelo de compromisos co GDR 14 e xustificacións en base ao baremo (modelo proxectos non produtivos).** Xunto con este modelo poderase achegar toda a documentación que o promotor considere oportuna para demostrar o cumprimento dos criterios e obter puntuación nos diferentes apartados.
- **Certificado bancario do número de conta do solicitante.**
- **Informe que demostre a viabilidade técnica do proxecto.**
- **Informe que demostre a viabilidade financeira do proxecto.**
- No caso de proxectos non produtivos que xeren emprego, deberase achegar un **informe de vida laboral das contas de cotización da empresa e/ou dos traballadores autónomos**, correspondente aos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda. Tamén se achegará un **informe do cadro de persoal medio de traballadores en situación de alta na empresa**, correspondente aos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude de axuda, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Poderase achegar calquera outra documentación ou información que o interesado considere oportuna para a análise do seu proxecto.

Ademais, os promotores de **proxectos produtivos e non produtivos deberán achegar os seguintes documentos, en caso de que no Anexo II: solicitude, non autoricen á Administración a consulta electrónica da seguinte información:**

- **DNI ou NIE da persoa solicitante**
- **NIF da entidade solicitante.**
- **Certificado de residencia da persoa solicitante.**
- **Estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.**
- **Estar ao día de pagamento coa Seguridade Social.**
- **Estar ao día de pagamento coa Consellería de Facenda.**

Cal é o procedemento para a instrución das solicitudes?

Para poder tramitar unha solicitude de axuda considérase preciso como mínimo a presentación da seguinte documentación:

- Anexo II: solicitude de axuda.
- Anexos III ou IV, dependendo de se é proxecto produtivo ou non produtivo, coa memoria e resumo do proxecto en documento normalizado.
- Anexo V: orzamento de gastos necesarios para a execución do proxecto.

Deberase xuntar a estes documentos toda a outra documentación que sexa preceptiva. Deste xeito evítase que o GDR realice un requirimento posterior ao interesado para solicitarlla.

Que sucede se unha solicitude non se tramita correctamente?

No suposto de defectos na solicitude ou na documentación, o GDR requirirá ao interesado/a para que no prazo máximo e improrrogable de 10 días corrixa a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixer, se procederá á elaboración dun Informe de Control de Elixibilidade desfavorable, por non presentar a documentación solicitada en prazo.

Que é a moderación de custos?

A “moderación de custos” é un requisito establecido na normativa comunitaria para procurar que os custos nos investimentos se correspondan con prezos de mercado.

Establécese que para todos os gastos incluídos na solicitude de axuda se deberán solicitar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, circunstancia que deberá ser xustificada expresamente nunha memoria.

Deberá remitirse o contido de cada unha das ofertas, que deberán ademais incluír os mesmos elementos para ser comparables.

Comprobarase que as ofertas presentadas son auténticas, de provedores reais e independentes e que están suficientemente detalladas, con conceptos definidos

e desagregados. Deberán identificar claramente a data de expedición e a razón social do provedor, que debe estar habilitado para a prestación do servizo ou a subministración do ben ofertado. Os provedores non poderán estar vinculados co promotor do proxecto ou cos seus órganos directivos ou xestores (agás determinadas circunstancias expresadas no artigo 10 das Bases Reguladoras) e as ofertas presentadas tampouco poderán proceder de empresas vinculadas entre si.

A escolla entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente cunha memoria cando esta non recaia na oferta máis económica.

No suposto de que non existan no mercado número suficiente de entidades que subministren un ben e que non se presenten un mínimo de tres ofertas de distintos provedores, a moderación de custos acreditarase mediante o informe dun taxador, perito ou organismo público autorizado que acredite o seu valor de mercado.

A escolla da oferta ou ofertas presentadas vinculan ao promotor de cara ao desenvolvemento do proxecto, no caso de ser beneficiario da axuda.

Non se considerarán subvencionables os gastos incluídos na solicitude de axuda que non veñan avalados polas ofertas presentadas nos termos expostos.

Como se realiza a desistencia, renuncia ou o arquivamento dun expediente de solicitude de axuda?

O solicitante de axuda poderá desistir da mesma en calquera momento da tramitación do seu expediente, mediante a presentación dun documento normalizado (Anexo VIII: desistencia).

Cando a axuda teña sido concedida, o promotor poderá renunciar á mesma, presentando obrigatoriamente dita renuncia en documento normalizado (Anexo IX: renuncia).

Os expedientes de solicitude de axuda serán arquivados:

- Por desistencia do seu promotor.
- Por falta de presentación en prazo da documentación requirida ao promotor na fase de instrución do procedemento.
- Por renuncia expresa do promotor á subvención concedida.





Pódense introducir modificacións nos proxectos?

De producirse alteracións nas circunstancias que se tiveron en conta para a concesión dunha subvención, podería producirse unha modificación da subvención concedida ao promotor. As alteracións poden afectar ás condicións establecidas na resolución de concesión de axuda, aos prazos de execución e xustificación, a cambios nos titulares dos proxectos, a variacións nos orzamentos aceptados por Agader ou deberse á concorrencia doutras subvencións, axudas ou recursos obtidos polos promotores.

Unha vez ditada a resolución de concesión de axuda e en todo caso antes de rematar o prazo de realización do proxecto, un beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, usando o modelo normalizado (Anexo X: modificación).

As modificacións poderanse autorizar sempre que non desvirtúen a finalidade das axudas e non supoñan un incremento do orzamento, non produzan prexuízos a terceiros e sempre que as novas circunstancias non supoñan a denegación da axuda. As modificacións incorporadas implicarán a revisión das puntuacións que se obtiveron no seu momento na fase de baremación do proxecto e, consecuentemente, esta revisión podería significar a redución das axudas concedidas e mesmo a perda do dereito á subvención.

Cales son as obrigas dos beneficiarios das axudas?

Son obrigas dos beneficiarios as establecidas, con carácter xeral, no artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia e en particular, as establecidas nas Bases Reguladoras e na resolución de concesión de axuda.

En particular, os beneficiarios asumirán as seguintes obrigas:

- Respetar o destino do investimento, polo menos, durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final, salvo que polas características do proxecto estean establecidos pola Xunta de Galicia prazos maiores.
- Manter os empregos consolidados durante os 5 anos posteriores á data da resolución do pagamento final do proxecto e manter tamén, durante os 5 anos posteriores á data da súa efectiva creación, os empregos que teñan a obriga de crear, segundo a valoración acadada en relación con este punto nos criterios de valoración. Tanto o emprego consolidado como o de nova creación computaranse en termos equivalentes ás UTA (unidades de traballo anual).

- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, polo menos durante o período de permanencia dos investimentos, estando obrigados a facilitar a información que se lles requira desde Agader e a someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións, así como aos avaliadores designados ou a outros organismos nos cales a dita autoridade delegase a realización das tarefas.
- Comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados que financien as operacións subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión de subvención.
- Levar un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ao proxecto subvencionado.
- Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos nas Bases Reguladoras, para facilitar os labores de comprobación e control.
- Facilitar a información que lle requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- Publicitar a concesión da axuda, de acordo co que establece a normativa comunitaria, incluíndo cando proceda a colocación de placas explicativas no lugar dos investimentos ou a inclusión de información nos sitios web profesionais. Incorporaranse logotipos da Medida Leader e das entidades financiadoras a ditos soportes e a aqueles outros que publiciten a axuda concedida, como etiquetas perdurables en maquinaria ou as portadas de publicacións.
- Os bens subvencionados quedarán afectos á operación subvencionada un mínimo de cinco anos dende a resolución do pagamento final, salvo que existan prazos de maior amplitude aplicables no ámbito da Xunta de Galicia para proxectos determinados.
- No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.

RELACIÓN DE ANEXOS EMPREGADOS EN FASE DE SOLICITUDE DE AXUDA

Existen unha serie de anexos que deben acompañar ás solicitudes de axuda

- Anexo II: solicitude de axuda
- Anexo III: resumo do proxecto e plan de empresa (proxectos produtivos)
- Anexo IV: resumo do proxecto e plan de xestión (proxectos non produtivos)
- Anexo V: orzamento
- Anexo VI-A: relación de ofertas solicitadas e elixidas
- Anexo VI-B: declaración sobre as ofertas solicitadas e elixidas
- Modelo de compromisos e xustificación en base ao baremo (proxectos produtivos)
- Modelo de compromisos e xustificación en base ao baremo (proxectos non produtivos)

ESTES MODELOS PODEN DESCARGARSE NA PÁXINA WEB DO GDR 14

www.eurural.org



Para máis información:

**ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO
GALICIA SUROESTE EURURAL**

Sede, oficina principal e rexistro:
Avenida de Peinador 39, 1º. Tameiga,
36416. Mos

**Oficina de información e atención a
promotores no Baixo Miño:**
Casa do Concello de Tomiño. Praza do
Seixo sn, 1º, 36740 Tomiño

T: 986 44 30 30
info@eurural.org

f - eurural
www.eurural.org



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA Y PESCA,
ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

galicia
o bo camiño